

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

*RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, financiadas con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461B).*

A Comunidade Autónoma, en virtude do artigo 148.1.20 da Constitución española e do artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, asume a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A Xunta de Galicia, na aplicación do principio de integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e accións da súa competencia establece, como un dos criterios xerais da súa actuación, a garantía da dignidade das mulleres e homes, con especial incidencia na adopción de accións tendentes á erradicación de todas as formas de violencia de xénero, tal e como recolle o artigo 5 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Mediante o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, creouse a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e na súa disposición transitoria establece que, mentres non se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida neste decreto, os órganos superiores e de dirección existentes manterán a súa estrutura e funcións.

O Decreto 215/2020, do 3 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade. Neste establécese que lle corresponde a Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica, entre outras funcións, as de impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, sinala no seu artigo 1 que constitúe o obxecto da Lei a adopción en

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



Galicia de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren. Así mesmo, establece medidas específicas no ámbito da formación e emprego como son o establecemento dun réxime de axudas e subvencións para o fomento do emprego de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración con distintas entidades, entre elas as entidades sen ánimo de lucro.

A situación xerada pola crise sanitaria derivada da COVID-19 aumentou a situación de especial vulnerabilidade para as mulleres vítimas de violencia de xénero, o estado de perigo que viven agravouse, o illamento social e a falta de redes de apoio familiares ou sociais dificulta máis as súas posibilidades de acceder a servizos e recursos de apoio, emerxendo situacións de absoluta desprotección.

Considerando que a independencia económica é clave para garantir que as mulleres en situación de violencia de xénero consigan maior estabilidade persoal, social e laboral, a presente resolución supón un paso máis na mellora da súa inserción laboral, articulando axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero e que non poden acadar un posto de traballo no mercado laboral ordinario.

Esta convocatoria está financiada con fondos REACT-UE, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

As bases reguladoras e a convocatoria destas axudas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro) e, no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

Así mesmo, por tratarse de axudas financiadas polo FSE como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19, é de aplicación e darase debido cumprimento ao previsto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolve-

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



mento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello; no Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006 do Consello, ambos os dous modificados polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018; no Regulamento (UE) núm. 2020/558 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos fondos estruturais e de investimentos europeos en resposta ao gromo da COVID-19; no Regulamento (UE) núm. 2020/460 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de marzo de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria nos Estados membros e noutros sectores das súas economías en resposta ao gromo da COVID-19 (iniciativa de investimento en resposta ao coronavirus); no Regulamento (UE) núm. 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta aos recursos adicionais e ás disposicións de execución co fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía (REACT-UE); así como na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.

Nesta convocatoria incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme o disposto no artigo 14 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, «as normas xerais aplicables ás opcións de custos simplificados a título do FSE establécense nos artigos 67, 68, 68.bis e 68.ter do Regulamento (UE) núm. 1303/2013».

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2022, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións destinadas a fi-

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y149-kfj3mv6ab437



nanciar a contratación por parte das entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, ao abeiro do disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ata un máximo de 12 mensualidades para mellorar e facilitar a súa inserción laboral coa finalidade de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas cuxa situación se viu agravada como consecuencia da crise ocasionada pola pandemia da COVID-19.

Por medio desta convocatoria as entidades terán a posibilidade de obter axudas para a contratación por conta allea de mulleres que sofren violencia de xénero (código de procedemento SI461B).

2. A súa finalidade é contribuír a que as mulleres acaden unha maior autonomía a través da promoción da súa independencia económica e do seu empoderamento, e reforzando, ao mesmo tempo, as posibilidades dunha posterior inserción laboral estable, co obxectivo fundamental de lograr a súa plena integración na vida económica e social.

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei.

4. As subvencións recollidas na presente resolución concederanse cando a contratación se produza con posterioridade á súa publicación.

## Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito por un importe total de 550.000 € que se imputarán á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.02 (código do proxecto 2021 00065) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2022.

Estas axudas son financiadas con fondos REACT-UE no marco do PO FSE Galicia 2014-2020 nunha porcentaxe do 100 %, a través do obxectivo temático 13 «Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía»; prioridade de investimento 13.1 «Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19».

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



e as súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía»; obxectivo específico 13.1.2 «Apoiar o acceso ao mercado de traballo das persoas en situación de vulnerabilidade, o acceso aos sistemas sociais e as medidas de inclusión social e erradicación da pobreza» e liña de actuación 122-Apoio á inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero.

O método de xustificación empregado será o de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 67.1.b) e 67.5.a.i) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm.2018/1046.

2. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, logo de informe favorable da modificación orzamentaria por parte do organismo intermedio do PO FSE Galicia 2014-2020 (actualmente, Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos).

A ampliación do crédito publicárase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

3. O incremento de crédito, así como o crédito liberado polas renuncias ou revogacións das subvencións outorgadas, se for o caso, destinarase á concesión daqueloutras solicitudes que, por insuficiencia de crédito, non chegaron a obter subvención.

### Artigo 3. *Contía da subvención*

1. A contía da subvención que se concederá ás entidades sen ánimo de lucro beneficiarias será, por cada muller contratada a tempo completo, a resultante de aplicar o método de custos simplificados calculado consonte o disposto nos artigos 67.1.b) e 67.5.a.i) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013. Este método de custos simplificados consiste nun baremo estándar de custo unitario segundo o grupo de cotización en que se atopen as traballadoras en cuestión. Este baremo representa o custo salarial total obxecto de subvención,

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



calculado como un múltiplo do IPREM máis a cotización empresarial á Seguridade Social, segundo o seguinte cadro:

|                                      | IPREM                                   | Módulo BECU | Máximo subvencionable (12 meses) |
|--------------------------------------|-----------------------------------------|-------------|----------------------------------|
| BECU 1: grupo de cotización 1 ao 4   | 3 veces o IPREM por persoa contratada   | 2.656,82 €  | 31.881,84 €                      |
| BECU 2: grupo de cotización 5 ao 9   | 2 veces o IPREM por persoa contratada   | 1.771,21 €  | 21.254,56 €                      |
| BECU 3: grupo de cotización 10 ao 11 | 1,5 veces o IPREM por persoa contratada | 1.328,41 €  | 15.940,92 €                      |

2. O importe da subvención por cada contratación reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, cando os contratos se concerten a tempo parcial.

3. Para os efectos desta subvención, non se consideran custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Ademais, acorde co disposto no artigo 5.1.c) da Orde ESS/1924/2016 pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020, para calcular o custo subvencionable terase en conta só o tempo efectivo dedicado á actuación subvencionada.

Polo que non se deben computar as situacións con dereito a retribución en que non se presta servizo efectivo (como as ausencias ou as incapacidades temporais, nin as situacións recollidas no artigo 37.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro).

4. O número máximo de contratacións que se vai subvencionar por cada entidade solicitante establécese en 2 contratacións.

5. O importe das subvencións reguladas nesta resolución en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da acción que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

#### Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias da subvención prevista nesta resolución:

a) As entidades sen ánimo de lucro.



b) As cooperativas sen ánimo de lucro segundo o disposto na disposición adicional cuarta da Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que acrediten o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

2. Para ser beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro e as cooperativas sen ánimo de lucro deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.
- c) Cumprir os requisitos e condicións establecidos na normativa xeral de subvencións.

Todos os requisitos exixidos deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución dos programas subvencionados.

3. Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalguna das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as empresas privadas, as administracións públicas, as sociedades públicas, as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

5. As entidades sen ánimo de lucro que resulten beneficiarias non poderán contratar novamente ás mulleres que xa se contrataran con cargo as axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 22 de xullo de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación, por parte de entidades sen ánimo de lucro, de mulleres que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

#### Artigo 5. *Compatibilidade das axudas*

As subvencións para as actuacións recollidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública, ou incentivo á contratación, para a mesma actuación e contratación outorgada por calquera Administración pública.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



**Artigo 6. Persoas destinatarias finais**

1. As persoas destinatarias finais das subvencións reguladas nesta resolución serán:

As mulleres vítimas de violencia de xénero, incluídas as mulleres que padeceron violencia vicaria, e as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, inscritas como demandantes de emprego ou como mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. Para os efectos desta resolución, entenderase por mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia todas aquelas que acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e que cesasen a relación de convivencia ou dominación co agresor, se é o caso, mediante algún dos documentos seguintes:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

c) Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero.

d) Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero.

e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e/ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.

f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

g) Informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y/49-kfj3mv6ab437



En todo caso, a documentación acreditativa da situación de violencia de xénero debe estar emitida ou asinada no prazo dos 24 meses anteriores á data de presentación da correspondente oferta por parte da entidade contratante na oficina de emprego ou á data de contratación.

#### Artigo 7. *Requisitos da contratación*

1. As contratacións polas cales se conceda a subvención deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que sexan executadas polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.

b) Que a duración dos contratos sexa, como mínimo, de 4 meses.

c) Que a contratación sexa para xornada de traballo a tempo completo ou a tempo parcial non inferior ao 50 %.

d) Que a entidade beneficiaria dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo dos gastos non subvencionables ao abeiro desta resolución, se for o caso.

e) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e a práctica profesional das mulleres contratadas.

f) Que, a súa execución ou prestación, se realice nun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Con independencia da duración do contrato, de ser o caso, do contrato para a substitución da traballadora que causase baixa, o período subvencionable non poderá exceder de doce meses nin poderá prolongarse máis alá do 30 de setembro de 2023.

#### Artigo 8. *Profesional de referencia*

A entidade beneficiaria designará unha persoa de apoio para a traballadora ou traballadoras contratada/s que actúe como profesional de referencia no tempo que dure a contratación das ditas traballadoras e que poderá contar, pola súa vez, con apoio de persoal técnico da Secretaría Xeral da Igualdade con formación en xénero.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y|49-kfj3mv6ab437



**Artigo 9. Selección das candidatas**

1. Para a selección das candidatas, as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución poderán contactar coa oficina de emprego asignada para a presentación da correspondente oferta, e solicitarán a relación de candidatas segundo os requisitos de perfil profesional que determine a entidade sen ánimo de lucro e tendo en conta que todas as candidatas deben posuír a condición de vítimas da violencia de xénero ou de mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. Poderán presentarse ofertas nominativas sempre que se cumpran os requisitos fixados nesta resolución.

2. Para a selección de candidatas, as entidades beneficiarias das subvencións poderán establecer liñas de colaboración cos centros de Información á Muller, os centros da Rede galega de acollemento, o Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, os servizos sociais e calquera outro servizo público que traballe no eido da violencia de xénero, para os efectos de propoñer participantes para a súa contratación, sempre e cando estas reúnan os requisitos recollidos no artigo 6.

3. Para os efectos de facilitar a selección de candidatas, a Secretaría Xeral da Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia elaborarán unha instrución conxunta que se fará pública na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

4. A entidade sen ánimo de lucro non poderá realizar a contratación sen ter remitido antes a selección das candidatas á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, no anexo que figura na instrución antes mencionada, para a comprobación dos seus requisitos, e a notificación posterior á entidade de que a selección é correcta.

Se a entidade non comunica a selección da/das candidata/s á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero e realiza a contratación directamente, minorarase a subvención concedida polo tempo que medie desde a realización do contrato e ata que a dita Subdirección Xeral notifique que as candidatas seleccionadas cumpren os requisitos desta resolución.

5. Todas as entidades indicadas no parágrafo anterior deberán dar cumprimento á normativa de protección de datos persoais, en concreto, ao disposto no Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y|49-kfj3mv6ab437



**Artigo 10. Contratación das traballadoras**

1. Efectuada a selección das traballadoras na forma prevista no artigo anterior, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

2. En todo caso, no contrato de traballo subscrito deberá constar con claridade a prestación dos servizos que se contratan.

3. A entidade beneficiaria asume a súa condición de empregadora respecto ás traballadoras contratadas e o compromiso de cumprir a normativa laboral.

Así mesmo, deberalles facilitar ás traballadoras os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo e achegar a súa propia dirección e xestión para a articulación da colaboración conservando a estrutura de mando sobre o seu persoal, e será responsable das tarefas técnicas que desenvolvan.

A concesión e o uso destas axudas non suporán, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Xunta de Galicia.

4. As entidades darán de alta na Seguridade Social as persoas contratadas no código de conta de cotización que corresponda.

5. A data límite para a realización dos contratos será o 30 de setembro de 2022.

**Artigo 11. Substitución de traballadoras**

1. Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

2. No suposto de baixas temporais por causas que se preveja que sexan de longa duración, superior a 30 días, a substitución só será posible logo de autorización expresa da Secretaría Xeral de Igualdade por solicitude fundamentada da entidade contratante.

3. A nova contratación deberá cumprir os requisitos exixidos nesta resolución e deberá ser notificada á Secretaría Xeral da Igualdade nun prazo máximo de 15 días desde a co-



respondente contratación, indicando a causa da baixa. Na notificación, a entidade beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos:

- a) Parte de baixa na Seguridade Social da persoa substituída.
- b) Parte de alta na Seguridade Social e do contrato de traballo da persoa substituta.
- c) Documento de información da subvención á traballadora, debidamente asinado, segundo o modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

4. Tanto no caso de extinción, como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoa substituta deberá levarse a cabo de acordo co disposto nos artigos 6 e 9 desta resolución.

5. De non producirse a substitución ou cando, aínda producíndose, a suma dos distintos períodos de contratación referidos a este posto de traballo fose inferior ao período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, procederase á redución ou reintegro da subvención concedida polo importe correspondente. En ningún caso se poderá producir un incremento da subvención concedida e a entidade beneficiaria deberá facerse cargo dos sobrecustos que estas substitucións comporten, de ser o caso.

#### Artigo 12. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non hai día equivalente, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 13. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade con artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa



presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

3. Será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información.

#### Artigo 14. *Documentación complementaria*

As persoas interesadas deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

1. Acreditación da persoa que asina a solicitude, en nome e representación da entidade mediante a correspondente documentación de apoderamento, resolución, mandato, certificado expedido polo secretario ou secretaria, ou acta onde se determine a dita representación.

2. Anexo II: certificado da persoa representante da entidade sen ánimo de lucro en que consten os seguintes aspectos:

a) A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude.

b) A disposición de orzamento para financiar a acción obxecto da subvención solicitada, na parte non subvencionable, de ser o caso.

c) As retribucións salariais brutas totais das traballadoras que se van contratar, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas da Seguridade Social a cargo da entidade por todos os conceptos, para aboar á/ás traballadora/s que se van contratar, segundo convenio colectivo ou normativa laboral aplicable.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administra-



ción. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

### 3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

## Artigo 15. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa que, en nome e representación da entidade, solicita a concesión da subvención.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y|49-kfj3mv6ab437



b) NIF da entidade solicitante.

c) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia.

e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente, habilitado no formulario de inicio, e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada en realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 16. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 17. *Publicación na BDNS*

En cumprimento co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 18. *Instrución*

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade.

2. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas.



3. De conformidade co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na resolución de convocatoria, a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero requirirá a interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixer se terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, en calquera fase do procedemento poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

5. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta resolución ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase ao seu arquivamento sen posibilidade de emenda as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na correspondente convocatoria.

#### Artigo 19. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes das subvencións reguladas na presente resolución correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, quen, logo da fiscalización da proposta do órgano instrutor pola intervención delegada, resolverá a concesión ou denegación da axuda mediante resolución motivada e individualizada.

2. O prazo de resolución e notificación será de 3 meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Na resolución de concesión informarase á entidade beneficiaria de que a axuda está financiada, nunha porcentaxe do 100 %, con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19,

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



con expresión do obxectivo temático, prioridade de investimento, obxectivo específico e liña de actuación correspondente; ademais, a resolución de outorgamento da subvención comprenderá a identificación da entidade beneficiaria, contía da subvención e obrigas que correspondan á entidade beneficiaria, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o prazo de execución, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións de axuda (DECA).

Así mesmo, na resolución de concesión informárase de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos beneficiarios ou beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 e polo Regulamento (UE) núm. 2020/2221, en relación co artigo 115.2 da mesma norma xurídica.

4. A resolución pola que se conceda a subvención indicará as contratacións subvencionables e determinará a súa duración, así como a contía da subvención que se vai outorgar, que deberán ser xustificadas na forma sinalada no artigo 23 desta resolución.

5. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar, no prazo de dez días, a súa aceptación, e comprometerse a executar a actuación subvencionada no prazo e condicións establecidos na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada, segundo o disposto no artigo 21.5, parágrafo 2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

7. Será causa de denegación da concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada no artigo 2 desta resolución.

#### Artigo 20. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 21. *Réxime de recursos*

1. A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no mesmo diario oficial.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución poñerán fin a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou recurso



contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa.

#### **Artigo 22. *Modificación da resolución de concesión***

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención a instancia da entidade beneficiaria, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa de aplicación.

#### **Artigo 23. *Xustificación e pagamento***

1. O pagamento axustarase ao establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A contía da subvención concedida aboaráselle ás entidades beneficiarias nun pagamento único polo importe que lle corresponda, logo de presentar a documentación xustificativa que se relaciona no número 5 deste artigo, unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida.

3. O prazo para a presentación da documentación xustificativa remata o 15 de outubro de 2022.

4. Documentación xustificativa:

1) Xunto coa solicitude de pagamento (anexo III) deberase achegar:

a) Anexo IV: declaración complementaria e actualizada na data da xustificación de todas as axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actuación,

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y/49-kfj3mv6ab437



das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións.

b) Contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego.

c) Partes de alta na Seguridade Social, xunto co informe de datos de cotización (IDC).

d) Documentos de información da subvención ás traballadoras, debidamente asinados, segundo modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

5. Non poderá realizarse, en ningún caso, o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias –estatais e autonómicas– e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

6. Transcorrido o prazo establecido sen ter presentado a documentación xustificativa, o órgano instrutor requirirá a entidade beneficiaria para que, no prazo improrrogable de 10 días, a presente. Así mesmo, cando o órgano competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de 10 días para a súa corrección. A falta de presentación da xustificación ou a non corrección no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención (artigos 45 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

#### **Artigo 24. *Obrigas das entidades beneficiarias***

As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

1. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a proposta de resolución así como antes das correspondentes propostas de pagamento.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



2. Realizar a actuación que fundamenta a concesión da subvención, e acreditálo perante o órgano concedente, dentro do período e dos prazos establecidos, así como o cumprimento dos requisitos, prazos e condicións establecidos nesta resolución e na de concesión.

3. Manter a duración temporal de cada contratación establecida na resolución de concesión.

4. Aboarlle ás persoas contratadas, con carácter mensual e mediante transferencia bancaria, os salarios que lles correspondan e sexan acordes coa súa categoría profesional e titulación segundo o convenio colectivo de aplicación, e asumir a diferenza entre a cantidade subvencionada e os custos salariais de Seguridade Social totais, de ser o caso.

5. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuarán a Secretaría Xeral da Igualdade e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

6. Para os efectos dun correcto seguimento do desempeño das tarefas subvencionadas, a entidade beneficiaria da subvención deberá manter unha planificación permanentemente actualizada e respecto de cada unha das persoas traballadoras contratadas, no relativo ao lugar de realización do servizo e distribución do tempo de traballo por día da semana. A dita planificación deberá estar á disposición da Administración actuante para achegala cando se lle requira.

7. Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade, nun prazo de 5 días, aquelas modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as traballadoras contratadas, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

8. Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



9. Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e no resto dos casos previstos nesta resolución e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. Utilizar os documentos de información da subvención ás traballadoras, no modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

11. Manter unha pista de auditoría suficiente, manter de forma separada na contabilidade o ingreso da axuda percibida e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os dous anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas anuais nas que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O comezo dese prazo será oportunamente comunicado pola Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.

12. Someterse ás actuacións de comprobación sobre o terreo que, en virtude da mostra seleccionada estatisticamente e/ou segundo criterios baseados no risco, poida realizar o persoal técnico da Secretaría Xeral da Igualdade.

13. Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

Os indicadores de produtividade relativos á persoa solicitante refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación do participante coas actuacións subvencionadas, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior a finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención. Así mesmo, a Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

Para estes efectos, seralles facilitado ás entidades beneficiarias o acceso á aplicación PARTICIPA1420.

14. Cumprir coas medidas de comunicación e información establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, modificado polo Re-

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



gulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 e polo Regulamento (UE) núm. 2020/2221. En particular, as accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

15. Para os efectos de realizar un seguimento adecuado da execución dos proxectos pola Secretaría Xeral da Igualdade, a entidade beneficiaria deberá someterse ao cumprimento do disposto no artigo seguinte.

#### Artigo 25. *Seguimento*

1. Sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na presente norma, co fin de efectuar un seguimento adecuado das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución, as entidades beneficiarias deberán remitirlle á Secretaría Xeral da Igualdade, no prazo dun mes desde a finalización da última mensualidade subvencionada, a seguinte documentación:

a) Memoria final, asinada pola persoa responsable competente da entidade, que recolla o perfil das traballadoras contratadas ao abeiro desta subvención, así como as actividades desenvolvidas e a perspectiva de inserción laboral, segundo o modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

b) Certificado de fin de actuación asinado pola persoa responsable competente da entidade, segundo o modelo que consta na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

c) Informe de vida laboral do/dos código/s de cotización da entidades en que estean incluídas a/as muller/es contratada/s no período subvencionable.

#### Artigo 26. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigas e condicións contidas nesta resolución ou demais normativa aplicable, así como das que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se

CVE-DOG: 6xnp9zbt1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437



refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se deberá reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Procederá o reintegro total da subvención percibida, máis os xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incorrer a entidade beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións que financien as actuacións subvencionadas.

b) Procederá o reintegro do 2 % do importe da axuda concedida no caso de incumprimento das obrigas de información e comunicación establecidas no artigo 24.

c) Procederá o reintegro do 10 % da subvención percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

d) Procederá o reintegro do 100 % da subvención percibida no caso de incumprimento da obriga de presentación da documentación exixida no artigo 23 e, así mesmo, procederá o reintegro proporcional no caso de que a documentación presentada ao abeiro do dito artigo non xustifique a totalidade da subvención percibida.

e) Procederá o reintegro do 100 % da subvención percibida no caso de incumprimento da obriga de presentación da documentación exixida no artigo 25 e, así mesmo, procederá o reintegro proporcional no caso de que a documentación presentada ao abeiro do dito artigo non xustifique a totalidade da subvención percibida.

3. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. As obrigas de reintegro establecidas neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y|49-kfj3mv6ab437



5. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que lle será facilitada polo órgano xestor, en concepto de devolución voluntaria da axuda. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da axuda concedida.

#### Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no punto 4 do citado artigo.

#### Artigo 28. *Publicación dos actos*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.



**Artigo 29. Información ás entidades interesadas**

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI461B poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nas unidades administrativas de igualdade das delegacións territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <https://igualdade.xunta.gal>, nos teléfonos 981 95 72 68 e 981 54 53 61 ou no enderezo electrónico: [vx.igualdade@xunta.gal](mailto:vx.igualdade@xunta.gal)

**Artigo 30. Loita contra a fraude**

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través do canal habilitado para o efecto <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado servizo.

**Artigo 31. Remisión normativa**

En todo o non previsto nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, por tratarse de axudas financiadas polo FSE como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19, é de aplicación e darase debido cumprimento ao previsto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello; no Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, e polo que se derroga o Regulamento



(CE) núm. 1081/2006 do Consello; ambos os dous modificados polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018; no Regulamento (UE) núm. 2020/558 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos fondos estruturais e de investimentos europeos en resposta ao gromo da COVID-19; no Regulamento (UE) núm. 2020/460 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de marzo de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria nos Estados membros e noutros sectores das súas economías en resposta ao gromo da COVID-19 (iniciativa de investimento en resposta ao coronavirus); no Regulamento (UE) núm. 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no que respecta aos recursos adicionais e ás disposicións de execución co fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía (REACT-UE); así como na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.

Disposición adicional única. *Esgotamento de crédito*

Unha vez esgotado o crédito, o órgano xestor deberá publicar o esgotamento da partida orzamentaria e a inadmisión de posteriores solicitudes.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

A Secretaría Xeral da Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2022

Susana López Abella  
Secretaría xeral da Igualdade

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y|49-kfj3mv6ab437




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE**

ANEXO I

|                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                |                                       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|---------------------------------------|
| <b>PROCEDEMENTO</b><br><b>SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN, POR PARTE DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, FINANCIADAS CON FONDOS REACT-UE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020</b> | <b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b><br><b>SI461B</b> | <b>DOCUMENTO</b><br><b>SOLICITUDE</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|---------------------------------------|

**EXPEDIENTE**  
SI461B 2022/

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**
**RAZÓN SOCIAL**
**NIF**
**TIPO**
**NOME DA VÍA**
**NÚM.**
**BLOQ.**
**ANDAR**
**PORTA**
**PARROQUIA**
**LUGAR**
**CÓDIGO POSTAL**
**PROVINCIA**
**CONCELLO**
**LOCALIDADE**
**TELÉFONO 1**
**TELÉFONO 2**
**CORREO ELECTRÓNICO**
**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**NOME/RAZÓN SOCIAL**
**PRIMEIRO APELIDO**
**SEGUNDO APELIDO**
**NIF**
**EN CALIDADE DE**
**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

**TELÉFONO MÓBIL**
**CORREO ELECTRÓNICO**
**DATOS BANCARIOS**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

**TITULAR DA CONTA**
**NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)**
**IBAN**
**SUBVENCIÓN SOLICITADA**

Solicítase unha subvención para a contratación de (nº)

mulleres que sofren violencia de

xénero, por unha contía total de

€.

**PROFESIONAL DE REFERENCIA**

Designase como persoa de apoio para a traballadora ou traballadoras contratada/s, que actuará como profesional de referencia no tempo que dure a contratación (artigo 8)

**NOME**
**PRIMEIRO APELIDO**
**SEGUNDO APELIDO**
**NIF**
**CARGO**
**TELÉFONO**
**CORREO ELECTRÓNICO**

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADEANEXO I  
(continuación)**ESPECIFIQUE BREVEMENTE AS ACTUACIÓNS QUE SE PRETENDEN REALIZAR E QUE SERÁN OBXECTO DO TRABALLO DAS MULLERES CONTRATADAS****A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu e/ou percibiu ningunha outra axuda para a/as mesma/s contratación/s para as cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou, se lle concederon e/ou percibiu outras axudas para a/as mesma/s contratación/s para as cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| CONCEPTO DA AXUDA | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE | S/C/P <sup>(1)</sup> | IMPORTE (€) |
|-------------------|-----------------------------------------------|----------------------|-------------|
|                   |                                               |                      |             |
|                   |                                               |                      |             |
|                   |                                               |                      |             |

<sup>(1)</sup> Indíquese o que corresponda (S: solicitada/ C: concedida/P: percibida)

2. Así mesmo, comprométese a comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta resolución e, polo tanto, non está incursa en ningunha das circunstancias de prohibición a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
8. Que a entidade solicitante non ten ánimo de lucro.
9. Que a entidade solicitante dispón de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo dos gastos non subvencionables ao abeiro desta resolución.
10. Que a entidade dispón de domicilio social ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia.
11. Coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular, as establecidas no artigo 24 desta resolución.
12. Que cumpre coas previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                |        |            |     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|------------|-----|
| <input type="checkbox"/> Certificado da persoa representante da entidade sen ánimo de lucro (anexo II)                                                                                                                                                                                         |        |            |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
| <input type="checkbox"/> Acreditación da persoa que asina a solicitude, en nome e representación da entidade mediante a correspondente documentación de apoderamento, resolución, mandato, certificado expedido polo secretario ou secretaria, ou acta onde se determine a dita representación |        |            |     |

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437

XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADEANEXO I  
(continuación)

## COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

|                                                                                                                                                                                                                              |                                                    |                     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|---------------------|
| DNI/NIE da persoa representante                                                                                                                                                                                              | <input type="checkbox"/>                           | OPÓÑOME Á CONSULTA  |
| Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social                                                                                                                                                                 | <input type="checkbox"/>                           |                     |
| Certificado de estar ao día no pagamento das débedas á Axencia Tributaria de Galicia                                                                                                                                         | <input type="checkbox"/>                           |                     |
| <b>CONSENTIMIENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b><br>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. |                                                    | AUTORIZO A CONSULTA |
| NIF da entidade solicitante                                                                                                                                                                                                  | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |                     |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT                                                                                                                                                       | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |                     |

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

|                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable do tratamento                                              | Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral da Igualdade.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Finalidades do tratamento                                              | A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario, así como as actividades relacionadas coa xestión derivada das subvencións.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Lexitimación para o tratamento                                         | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarios dos datos                                                | As administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias, e, de ser o caso o CIM, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, garantindo en todo caso a aplicación da normativa específica.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Exercicio de dereitos                                                  | As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 15 de xuño de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, financiadas con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461B).

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Xacobeo 21-22

Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas  
<http://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-y|49-kfj3mv6ab437

XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

## ANEXO II

## CERTIFICADO DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO

SI461B-SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR PARTE DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO FINANCIADAS CON FONDOS REACT-UE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020

EXPEDIENTE

SI461B 2022/

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## CERTIFICA:

1º. A persoa que asina a solicitude desempeña a representación da entidade sen ánimo de lucro, en virtude de (indíquese documento/acordo, órgano e data)

2º. A disposición de orzamento para financiar a acción obxecto da subvención solicitada, na parte non subvencionable, de ser o caso.

3º. Que o número de traballadora/s, grupo de cotización, duración e xornada da/das muller/es a contratar é o seguinte:

| Nº de traballadoras  | Ocupación | Grupo de cotización SS | Duración do contrato (meses) <sup>(1)</sup> | Tipo de xornada (%) <sup>(2)</sup> | Custos salariais totais subvencionables |
|----------------------|-----------|------------------------|---------------------------------------------|------------------------------------|-----------------------------------------|
|                      |           |                        |                                             |                                    |                                         |
|                      |           |                        |                                             |                                    |                                         |
|                      |           |                        |                                             |                                    |                                         |
| TOTAL SUBVENCIONABLE |           |                        |                                             |                                    |                                         |

<sup>(1)</sup> Con independencia da duración do contrato, o período subvencionable non poderá exceder os 12 meses.<sup>(2)</sup> No caso de xornada a tempo parcial esta non pode ser inferior ao 50 %.

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Xacobeo 21-22

Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora  
<https://sede.xunta.gal>XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

## ANEXO III

## SOLICITUDE DE PAGAMENTO

SI461B-SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR PARTE DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO FINANCIADAS CON FONDOS REACT-UE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020

EXPEDIENTE  
SI461B 2022/

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

## A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que a subvención concedida á entidade pola Secretaría Xeral da Igualdade, para o fomento da contratación, por parte das entidades sen ánimo de lucro, de mulleres que sofren violencia de xénero, foi destinada ao fin para o cal se lle concedeu.
2. Que solicita o pagamento da liquidación correspondente á subvención concedida de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos, segundo o exixido na normativa reguladora.

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Anexo IV. Declaración expresa doutras axudas
- ☐ Contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego
- ☐ Partes de alta na Seguridade Social
- ☐ Documentos de información da subvención ás traballadoras, debidamente asinados, segundo o modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Xacobeo 21-22

Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

SI461B-SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR PARTE DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO FINANCIADAS CON FONDOS REACT-UE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020

EXPEDIENTE

SI461B 2022/

## DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

## A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu e/ou percibiu ningunha outra axuda para a/as mesma/s contratación/s para as cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou, se lle concederon e/ou percibiu outras axudas para a/as mesma/s contratación/s para as cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| CONCEPTO DA AXUDA | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE | S/C/P <sup>(1)</sup> | IMPORTE (€) |
|-------------------|-----------------------------------------------|----------------------|-------------|
|                   |                                               |                      |             |
|                   |                                               |                      |             |
|                   |                                               |                      |             |

<sup>(1)</sup> Indíquese o que corresponda (S: solicitada/ C: concedida/P: percibida)

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Xacobeo 21:22



UNIÓN EUROPEA

Secretaría Xeral da Igualdade

CVE-DOG: 6xnp9zb1-zya8-ahy8-yj49-kfj3mv6ab437

XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>